

XI CERTAME INTERNACIONAL DE IMPROVISACIÓN ORAL

ORALIDADE, DESAFÍO, IMPROVISACIÓN E ENXEÑO

Valadares- Vigo. Datas: os domingos 12, 19 e 26 de outubro do 2008.

Lugar: Auditorio do Centro Cultural. Estrada Xeral de Valadares, 261.

Día 12: **HIP-HOP : RAP EN ESTILO LIBRE + PELEXA DE GALOS.**

Hora: 19:30 h.

Día 19: **XI CERTAME INTERNACIONAL DE REGUEIFAS**

Hora: 19:00h

OBRADOIRO DE INICIACIÓN Á IMPROVISACIÓN ORAL EN VERSO

Hora: 17:00 a 18:30 h.

Día 26: **POESÍA CON RETRANCA E ENXEÑO.**

Hora: 19:00 h.



LIMIAR :

Despois de catorce anos e once edicións seguimos eiquí para atoparnos de novo con tódolos amantes (que agardamos sexan aínda máis que en anos anteriores) da oralidade, a improvisación, a retranca e a rima que son os eixos sobre os que xira este evento.

Dos tres días dos que consta o certame, e aínda que a programación é toda ela de interese, creemos que pode sobrancear o seguinte:

- A presentación da web
- A batalla de Galos no día do rap.
- A presenza do Ravelista.
- A actuación dos Accidents Polipoéticos, os inventores da Polipoesía cunha dilatada traxectoria sobre os escairos.

PROGRAMA

- DÍA 12 DE OUTUBRO: HIP-HOP: RAP EN ESTILO LIBRE + PELEXA DE GALOS.

Hora: 19:30 h.

A presenta: Aid (Valadares-Vigo).

Dj: Limbo (Vigo – Pontevedra)

Participan:

≈ **Batalla de Galos**

≈ **Chico sumo (Vilagarcía)**

≈ **DuKe Sam (Vigo)**

≈ **Felix (A Coruña)**

≈ **Erin (Compostela)**

✍ *Estilo libre:*

✍ **Gordo (Moscoso).**

✍ **Solemne (Vigo)**

✍ **Poesía rapeada con Mc García (de Dios ke te crew)**

Comentario:

Dende o ano 2003 estámolles dando cancha ó Rap improvisado para ver si coa forza do roce xorde o amor coa Regueifa, pero, en fin, polo de agora non fomos quen de conseguilo. Perseveraremos.

Para os que xa tendes acudido en anteriores edicións xa é evidente que o rap e a regueifa coinciden nalgo máis que na “erre” coa que inician a súa denominación, pero por si a alguén non lle quedou suficientemente nítido o tema presentaremos por primeira vez no certame unha exhibición batalla de galos, co cal os indicios xa se transforman en evidencias.

Dos que se presentan eiquí podemos decir que

Duke Sam: Será o representante vigués nesta encarnizada pelexa e confiamos en que deixe ben, os compañeiros que o recomendan, estes nin o dubidan, veremos.

Erin: Procedente de Compostela trae no peto os galóns de gañador nas pelexas que houbo en Ourense e Ribadeo e casi gañador en Vigo, en fin a ver como sae de eiquí.

Estamos seguros non deixará mal ós xa coñecidos (Jevy, Moncho, Oxul, Founier,...). En fin, veremos o que da de sí nesta súa primeira presenza entre nós.

Felix: Dende A Coruña chega este ás da palabra que se mediu fai 2 anos na batalla das batallas “A Red Bull estatal” a outros finalistas procedentes de distintos puntos do mundo.

- ✍ **Chico Sumo:** Este vilagarcían foi o gañador da batalla de galos do festival de cultura urbán que tivo lugar na súa terra este verán con grande éxito de público e está disposto a vir a amosarnos os seus galóns e por suposto que ninguén lle arranque a cresta.
- ✍ **Gordo:** É un dos compoñentes dos Trasnos de Moscoso, que é un grupo que xa leva funcionando varios anos e que ten unha traxectoria ascendente no Rap galego. Non é a primeira vez que participa nesta sesión, o que da idea da súa calidade.
- ✍ **Solemne:** Pertence a vella escola do hip hop de Vigo. A súa longa traxectoria é recoñecida internacionalmente con proxectos en Brasil e Angola. Disfrutaremos das rimas dun dos clásicos do rap vigués.
- ✍ **Mc García:** fora do seu grupo Dios ke te crew desenrola varios proxectos en solitario ou na compañía doutros artistas. Hoxe vaimos amosar a súa experiencia versionando unhas poesías de Celso Emilio Ferreiro.

Para rematar, e cómo nos bos tempos haberá “micro aberto”, para que se democratice o uso da palabra feita rima.

Presenta:

- ✍ **Aid:** Moza da parroquia que é un dos novos valores do rap galego, con proxección xa máis alá do Padornelo.
- ✍ **Dj Limbo:** Un dos máis reputados picadiscos do País no eido do rap, cun historial importante xa tras de sí.

DÍA 19 DE OUTUBRO: XI CERTAME DE REGUEIFAS

- 16:00 h.: Xantar Regueifeiro
- 17:00 h. a 18:30 h.: Obradoiro de iniciación á Regueifa.con: Luis “O Caruncho” e Pinto “D’Herbon”.

Presenta: Paco Barreiro.

- 19:00 h.: Apertura e presentación do evento.
- 19:10 h.: Novos Regueifeiros e finalistas do certame escolar de Regueifas 2007- 2008, patrocinado pola Delegación da Consellería de Cultura e Deportes de Pontevedra da Xunta de Galicia.
- 19:30 h.: Presentación dun fragmento do vídeo de “O atrevido de Grixoa” titulado “Regueifa dunha vida” realizado por **Xosé Manuel Varela** e editado polo Concello de Cabana.
- 19:40 h.: Regueifa tradicional de Bergantiños con :

Antonio e Suso de Xornes.

- 20:00 h.: Espectáculo de improvisación coa participación dos Fistores
 - ✂ **Josíño da Teixeira (Pregoeiro das Toxeiras).**
 - ✂ **Felipe de Dodro (Brindeiro de seráns).**
 - ✂ **Luis “O Caruncho” (Vate de lareira e fiadeiro).**
 - ✂ **Pinto D’Herbon (O Poeta das silveiras).**
 - ✂ **Beito Lobaríñas (O Abade de Couso)**
- 20:40 h.: Ravelista cantabro: **Miguel Cadavieco**
- 21:15 h.: Despedida colectiva.
- 21:30 h.: Remate.

Comentario:

Como se ven repetindo nos derradeiros anos abriremo-lo certame con novos adeptos ó vicio da improvisación oral en verso, a maioría deles procedentes dos obradoiros impartidos durante o curso escolar en distintos institutos de secundaria do sur da provincia de Pontevedra, financiados pola Delegación da Consellería de Cultura e Deportes da Xunta de Galicia. Estarán acompañados de outros improvisadores que tamén queren participar deste rito iniciático.

Cabe destacar tamén a presentación dun vídeo adicado ó xa finado mestre regueifeiro “O atrevido de Grixoa” editado conxuntamente co libro “Regueifa dunha vida” polo concello de Cabana de Bergantiños baixo a autoría de Xosé Manuel Varela que agardamos se atope entre nós.

Despois da presentación do vídeo deste mestre non podía faltar a presenza de dous dos seus discípulos máis destacados: Suso e Antonio de Xornes, que farán unha demostración da retranca e inxeño que os caracteriza.

Continuaremos cun espectáculo de improvisación ó xeito do realizado o ano pasado e que tan bó resultado nos deu no que se mesturaba o rol co teatro improvisado, cos xogos lingüísticos e todo isto coa participación activa do público, para así pór a proba o prestixio e as capacidade destes fistores atrevidos e destemidos.

Remataremos coa visita por primeira vez entre nós do ravelista cantabro máis reputado que ten participado en importantes festivais latino-americanos, improvisando en solitario, tanto cuartetos como decimas, acompañado do seu ravel.

Na presentación repite “Paco Barreiro”, artista polifacético onde os haxa. Compositor de música para teatro, dobrador, intérprete de guitarra clásica.... e tamén un eterno proxecto de Regueifeiro a quen por boa persona non lle damos tódalas oportunidades de demostra-la súa valía que merecería.

OBRADOIRO DE IMPROVISACIÓN ORAL EN VERSO

DATA: 19 de outubro

LUGAR: Centro Veciñal e Cultural de Valladares

MESTRE: Luis “O Caruncho”

HORARIO: de 17:30 a 18:30 horas

CONTIDO: Practicaránse distintos xogos de palabras e outros exercicios de improvisación en verso

POSTA EN ESCEA: Os mais atrevidos debutarán en grupo ás 19:00 h dese mesmo día abrindo o Certame de Regueifas.

PREZO: De Balde

NOTAS: Non é obrigatorio inscribirse, pero si é recomendable facelo para poder prever a demanda, chamando ó teléfono 986.467.053.

Os asistentes terán ocasión de asistir a un xantar cos participantes no Certame de Regueifa, ás 14:00 horas aproximadamente do día 19, previa inscrición antes do venres día 17 ás 14:00 horas.

- DÍA 26 DE OUTUBRO: POESÍA CON RETRANCA E INXEÑO

Presenta: María Lado

Ás 19:00 h: Apertura e presentación da Web “regueifa.org”

Ás 19:05 h: Antía Otero

Ás 19:25 h: Xabier Cordal

Ás 19:45 h: Accidents Polipoéticos

Comentario:

A Regueifa tamén é poesía, aínda que non o pareza é por isto que dado que poetas e regueifeiros levan dende sempre de costas uns cos outros que queremos que este día estea adicado a tender pontes entre uns e outros e a ver si hai algún poeta que se atreve a improvisar e algún regueifeiro se pon a cultivar a lírica.

Para esta transición buscamos poetas coa suficiente retranca e enxeño como para dar o chimplo porque polo de agora á inversa os regueifeiros téñeno un pouco máis difícil.

Por iso nesta ocasión temos entre nos a:

María Lado: naceu en Cee (A Coruña) en 1979. Dende moi cedo formou parte do Batallón Literario da Costa da Morte. Ten publicados libros de poemas como *A primeira visión*, *Casa Atlántica*, *casa Cabaret* e *Berlín* e acaba de sacar do prelo Nove con excelentes críticas pola linguaxe e evocacións mariñeiras que se desprenden del.

Antía Otero: Naceu en 1982 en A Estrada (Pontevedra) e é licenciada en Historia da Arte. Mergúllase na escrita de poesía, tendo varios libros publicados (*O son da xordeira*, 2003,...). Exerce como Vicepresidenta da Asociación de Escritores en Lingua Galega, mantendo colaboracións con diversas revistas de arte contemporánea, cine e teatro, e últimamente é coñecida entre o gran público pola súa participación na serie da TVG “Os Atlánticos”.

Xabier Cordal Fustes: Naceu en A Coruña no ano 1965. Licenciado en Filloxía galega pola Universidade de Compostela, exerce como profesor en Castro Ribeiras de Lea (Terra Chá). Actualmente tamén colabora con artigos de opinión no xornal dixital Vieiros, Galicia Hoxe e forma parte do colectivo Redes Escarlata. Como escritor sobrancea a súa produción poética, recoñecida como unha das máis interesantes e innovadores do panorama galego. Tamén merece ser lembrado con un dos compoñentes do añorado colectivo Rontselz.

Accidents Polipoéticos: Este dúo composto por Xabier Theros (que estivo entre nos nunha edición anterior) e Rafael Metlikovez pasan por ser os inventores da Polipoesía e non paran de recoller loubanzas alá por onde van (e acaban de chegar de México) dende que escomezaron xa fai disto uns cuantos anos. Así que despois de telos a medias estamos encantados de poder disfrutalos en forma de dúo e a ver si así o pasamos o dobre de ben que a última vez co espectáculo que nos traen “Más triste es robar”

